



Concello de Vigo

D^a. YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 12 de novembro de 2020**, adoptou o seguinte acordo:

3.- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ANIMO DE LUCRO ORIENTADAS Á CONSTRUCCIÓN DUN CAMPO DE BÉISBOL NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 19398/333.

Visto o informe xurídico do 05/11/2020 e o informe de fiscalización do 06/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 03/11/2020, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data 14/01/2020, o Concelleiro de deportes deu orde de iniciar un expediente conducente á redacción e aprobación das bases e convocatoria orientadas á construción dun campo de béisbol na cidade de Vigo.

O 21/02/2020, o xefe do servizo de deportes-director deportivo, redactou o informe-proposta conducente ó desenvolvemento das bases e a dita convocatoria de subvencións. Dita proposta foi asinada polos Concelleiros de deportes e Orzamentos e Facenda, informada xuridicamente de conformidade o 24/02/2020 e fiscalizada con data 26/02/2020.

A proposta foi aprobada na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 06/03/2020.

Con data 05/06/2020, foron publicadas no BOP as Bases da Convocatoria e con data 17/06/2020 publicouse no BOP o extracto da mesma.

Unha vez finalizado o prazo de 20 días naturais establecido para a presentación de solicitudes na base 10^a da convocatoria, constatouse a ausencia de solicitantes.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Declarar deserta a convocatoria para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo sen ánimo de lucro destinadas á construción dun campo de béisbol na cidade de Vigo.

SEGUNDO: Deixar sen efecto a autorización de gasto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:38	Páxina 1 de 2
SUBVENCIONS	CSV: ABAF42-C3DH32-47D6A2-MQPYXJ-RJ4KBU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

CCA/me.

V. e Pr.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:38	Páxina 2 de 2
SUBVENCIONS	CSV: ABAF42-C3DH32-47D6A2-MQPYXJ-RJ4KBU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		